

Carreira

ÉPOCA II - N° 1

maio-xuño 2020

Observación, defensa, protección, estudio e divulgación do
patrimonio natural, etnográfico e cultural do Baixo Miño galego-portugués



Luis Dorado Seira

Carrizal

Época II

Xunta Directiva

Presidente.....Agustín Ferreira L.

Vicepte.....Manuel Á. Pombal D.

Secret....Mª Consuelo González de D.

Tesoreiro...Manuel Á. Pombal D.

Vocales... Luis Dorado Senra.

Araceli Ozores Peixoto.

EDITOR-COORDINADOR

Agustín Ferreira Lorenzo

EDITA

ANABAM

Calvario-44-baixo

36780-A Guarda (Po)

CONTACTO

Tfn/WhatsApp: 61 61 80 557

Messenger

Facembook

Correo electrónico:

anabam.anabam@gmail.com

WEB

www.anabam.org

DL VG 208-2020

CUOTAS 2020

Socio normal..... 30 €

Socio colaborador (logo dun ano como socio normal).... 15 €.

SOCIO FAMILIAR... 30 € primeiro socio, 5€ seguintes socios.

Socio infantil/xuvenil ou persoa en paro.....15 €

Para solicitar ser socio de ANABAM, cubrir a ficha que figura na páxina web.

Os socios reciben gratuitamente o Boletín Carrizal así como outras publicacións editadas pola asociación. Ademais poderán participar nas actividades desenvolvidas.

Se algunha actividade ou publicación é de pago, os socios terán amplos descontos.



Feito en papel reciclado

ILLA FORTALEZA DA INSUA (I)



Antonio Ferreira Lorenzo

A desembocadura do río Miño desde o Monte Santa Trega. A Insua é un topónimo que, segundo A.B. Gouveia, é a forma curta do latín ínsula, co significado de illa.

Por Antón Ferreira

Hai más de catorce mil anos, durante a Glaciación de Wurm, o esteiro do Miño non se parecía en nada a como podemos veo hoxe desde a cima do monte Santa Trega (A Guarda) ou de San Antón, en Caminha (Portugal).

Daquela, espesas capas de xeo cubrían o continente europeo e a península Ibérica non se libraba dos glaciares.

O curso do río Miño era máis fondo e a costa se situaba ata máis alá dos seus límites actuais, pois o mar tiña descendido con respecto á actualidade, segundo algúns autores, ata corenta metros por debaixo do nivel que temos hoxe.

As dunas do piñeiral do Camarido non existían e o que hoxe é a Insua non era máis que a continuidade do monte Santa Trega formando o seu un picouto máis ó sur.

Cos desxeos, hai once ou doce mil anos, sucederá todo o contrario: o nivel das augas elévase, mesmo por riba do nivel actual, asolagando aquel picouto do sur; formarase un novo brazo do río Miño, entre o Monte Trega e o Terroso, que converterá o Santa Trega nunha illa e que desembocará polas actuais praias de Fedorento e Area Grande (A Guarda).

Posteriormente, as augas do océano irán descendendo e desaparecerá o brazo norte do río Miño. A acumulación dos sedimentos van restando profundidade ó río, pero a desembocadura seguirá sendo aínda moi ampla, tal e como se reflicte nunha carta portuguesa de 1501 (elaborada por Pedro Reinel, hoxe desaparecida), aínda que, pasenamente, irse colmatando dando lugar ás formacións dunares do Camarido, en Portugal, ou do piñeiral de Camposancos, na Guarda. Pero aínda, en 1654, no Mapa do Reyno de Portugal, o piñeiral de Camarido estaba dividido en dous, formando outra illa de area entre a Insua e terra firme

A Insua é un topónimo que, segundo A.B. Gouveia, é a forma curta do latín *ínsula*, co significado de illa.





Trátase dun conxunto rochoso de apenas dúas hectáreas de superficie que se atopa na desembocadura do Miño, entre A Guarda e Caminha, á que pertence, separada de Moledo apenas por 300 metros. Tamén é coñecida como a Insua Nova, sendo a Insua Vella o conxunto rochoso que aflora na marea baixa ao norte da Insua.

Segundo algúns estudosos, Posidonio escribiu que na foz do Miño existía una illa con dous peiraos e Estrabón menciona que nesta illa, entón chamada Illa Peláxica (segundo identificación do profesor e historiador portugués J. Leite de Vasconcelos que estudou o poema de Rufo Fausto Avieno *Oræ Maritimæ*), dábase culto a Saturno. O lugar cristianizouse coa denominación de Santa María da Insua, para os portugueses, e Santa María de Carmes, para os galegos.

Antes de ser ocupada, dise que era empregada polos baleeiros para descortizar as baleas no areal. De feito D. Afonso IV concedeu, en 1340, a Afonso Domingues todas as baleas do reino, desde a foz do río Miño ata o Guadiana.

Mais, aínda se fala que antes de se fundar o convento, existía na illa unha ermida baixo a advocación da Nosa Señora da Salva ou Señora da Boa Vixem, nome que lle daban os pescadores e mareantes portugueses acudindo, cada 8 de setembro, moitos peregrinos e romeiros á Insua.

Chegan os frades

Cando se produce o Cisma de Occidente (1378), debido a que os reinos de Galicia, Castela, León, Aragón e Navarra apoiaron ó Papa de Avignon, Clemente VII, algúns franciscanos galegos e asturianos, da Observancia Menorita, obteñen do Papa Bonifacio IX, o 6 de abril de 1392, autorización para instalarse en Portugal, que se mantiña fiel ó Papa de Roma, iniciándose, na illa, as obras de construcción dunha casa terrea



Agustín Ferreira Lorenzo

Vista da Insua dende a praia do Puntal, Camposancos, A Guarda.

con "oratorio, torre sineira, refectorio e outras divisións necesarias" baixo a dirección dos fundadores do convento Frei Diego Arias, Frei Gonzalo Mariño e Frei Pedro Diego, fundadores da primeira Casa de oración que "máis propio lle era o nome de pobre cabana que de convento", segundo escribiría, moitos anos más tarde, Frei Pedro de Jesús María José. A presenza dos frades motivou que o historiador guardés, o cóengo Juan Domínguez Fontenla denominase a illa como San Francisco da Insua.

Logo de sete anos na Insua, obedecendo as instrucións de D. João I, abandona a illa para fundar novos conventos, entre eles o mosteiro de Alenquer, na Estremadura portuguesa.

Este rei, e mesmo a corte portuguesa, protexían o Convento ata tal punto que D. João I prohibiu, en 1419, que as casas de Caminha, pertencentes os frades, fosen ocupadas polos forasteiros. Estas casas eran empregadas polos relixiosos cando se desprazaban á vila para rezar, xunto co pobo, pregarias, para confesar e facer caridade, e nelas pernoitaban cando o mar impedía o regreso á Insua, pero, dado que raramente



Carlos Magalhaes

Saída do sol por detrás das montañas da Serra d'Arga
observada dende o interior da Insua .

eran habitadas polos frades, estes permitían a súa ocupación.

En 1436 D. Duarte concedeu privilexios ao convento e D. Afonso V desculpou o pago de impostos a quen o servise.

As condicións de vida dos monxes non eran nada fáceis e algúns relixiosos abandonan as súas celas, chegando a contar, en 1437, con só douos frades legos: Frei Álvaro da Rosa e Frei García Baz. A orde franciscana consegue novos privilexios ó longo dos séculos: así, en 1441 a Cámara de Caminha lles dispensa de pagar tributos e lles concede o dereito de recoller cunchas para fabricar cal, sendo confirmados, tales dereitos, polos reis, ata que, en 1471.

Por orden de Jorge de Sousa, primeiro vicario que coñecemos, realizanse obras de mellora como a ampliación da capela, a construcción de novas celas e a división da casa, o que supón a incorporación de novos membros, ata doce, entre eles Frei André da Insua, que chegou a ser Xeral da orde franciscana, Frei Francisco, Frei Marcos e Frei Pacífico de Matosinhos. Seis anos máis tarde, os relixiosos elixen como sucesor de Jorge de Sousa a frei Afonso de Barros.

BRUTAL MORTE DE CABALOS EN OIA

Ata 2.500 euros por coñecer os autores

Texto: Agustín Ferreira Lorenzo



Luis Dorado Senra

O 20 de xaneiro do ano 2019, as redes sociais, así como varios medios de comunicación, facíanse eco da morte violenta de catro garranos no monte de Viladesuso (Oia). ANABAM, diante destes feitos, non podía quedar simplemente na condena, e puxo todo o que puido da súa parte para dar co autor ou autores dos mesmos, ofertando 500 euros a quien facilitase información de quen fixera tan execrable acto. ANABAM non tardou en recibir apoios e así, no mesmo día en que foi feita esta proposta, sumáronse á mesma a **Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Viladesuso** e a **Asociación de Gandeiros de Cabalos da Serra da Groba**. Case de inmediato, as redes sociais tamén fixérónse eco desta recompensa e o post editado por ANABAM, non tardou en chegar a más de 100.000 persoas sendo compartido unhas 1.400 veces. O xornal “El País”, de tirada nacional, tamén se fixo eco deste caso e da recompensa. Isto motivou que tres persoas a títulos particular, unha de Santiago de Compostela, outra de Bilbao e unha terceira de Madrid, se puxeran en contacto coa nosa asociación. Dúas destas persoas doaría 300 euros cada una e outra 500. Así que a recompensa chegou aos 1.600 euros en poucos días. Uns días despois, a **Comunidade de Montes Veciñais**

en Man Común de Mougás aumentou a mesma con 900 euros, polo que a recompensa chegou, finalmente, aos 2.500 euros. Ademais do xornal citado, outros medios de comunicación (prensa, radio e TV) tamén se fixeron eco dos feitos e da recompensa.

INFORMACIÓN CONFIDENCIAL

En todo momento, ANABAM sinalou que a persoa que dera información, e polo tanto recibiría a recompensa, permanecería no anonimato, comprometéndonos a non desvelar a súa identidade, polo que dita información sería totalmente confidencial. Porén, nin a recompensa nin as condenas serviron para que se rompera o mutismo e puideramos dar cos responsables da morte dos garranos. O tempo foi pasando sen resultado algúin. E un ano despois, os autores seguen campando ás súas anchas, tranquilamente.



Agustín Ferreira Lorenzo

MOTIVACIÓN

Non se coñecen os motivos. Todo son especulacións, pero hai algúns factores nos que coincidimos praticamente todos: as persoas que levaron a cabo estes feitos deben ser dos arredores (Baixo Miño ou Val Miñor) e ben coñecedores da zona e do xeito de manipular cabalos ceibes. Tamén pensamos que non foi obra dunha soa persoa, senón de varias, xa que non é fácil que unha soa persoa move estes cabalos. En canto aos motivos, xa é máis difícil aventurarse, así que nós preferimos non botar leña ao lume innecesariamente.

O GARRANO (*Equus ferus atlanticus*):

É unha raza de cabalos de pequeno tamaño, menos de metro e medio de altura na cruz, e entre 150 e 200 quilos de peso. Cor castaña, sen partes brancas. Vive ceibe nos montes galegos e do norte de Portugal. No Baixo Miño está presente na Serra da Groba. Esta é a única raza autóctona galega. Viven agrupados en mandas de femias xunto a un macho.


Entre os nomes que recibe o garrano na zona do Baixo Miño están os de **cabalo salvaxe, cabalo de monte, besta ou burra**.

NON AOS CAMPIONATOS DA CAZA DO RAPOSO

Texto: Noé Ferreira Rodríguez

Co motivo dos campionatos de caza de raposo (*Vulpes vulpes*) en Galicia que tiveron lugar nos meses de xaneiro e febreiro do ano 2019, ANABAM, con data 27 de xaneiro dese mesmo ano, interpuxo unha queixa ante o Valedor do Pobo de Galicia contra a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

A xustificación da caza para o control da suposta superpoboación de raposo (ou calquera outra especie) como medida de control por danos, estarían suxeitas ás regulacións establecidas na Lei 42/2007, do 13 de decembro, do Patrimonio Natural e da Biodiversidade e na Resolución do 8 de maio de 2018, da Dirección Xeral de Patrimonio Natural. A Lei 42/2007 establece no artigo 2 punto c como principio prioritario “..a utilización ordenada dos recursos para garantir o aproveitamento sostible do patrimonio natural, en particular, das especies e dos ecosistemas, a súa conservación, restauración e mellora e evitar a perda neta de biodiversidade” punto que se incumple coa realización dun campionato de caza no que se pretende matar o máximo número de animais sen coñecer a capacidade de carga do ecosistema, aspecto básico para coñecer a existencia, ou non, de superpoboación dunha determinada especie que asegure o apro-



veitamento sostible do patrimonio natural. A Resolución do 8 de maio de 2018, da Dirección Xeral de Patrimonio Natural, pola que se determinan as épocas hábiles de caza, as medidas de control por danos e os réximes especiais por especies durante a tempada 2018/19, establece a obrigatoriedade da comprobación dos danos ocasionados polas especies obxecto do control poboacional.

No referente ao uso de munición de chumbo, o risco, tanto para a saúde das persoas como para o medio ambiente, está recoñecido pola lexislación sobre solos contaminados, Real Decreto 9/2005, do 14 de xaneiro, polo que se establece a relación de actividades potencialmente contaminantes do solo e os criterios e estándares para a declaración de solos contaminados. Deste xeito, a Lei 22/2011 de Residuos e solos contaminados, no artigo 17 establece a obrigatoriedade do

produtor da xestión dos seus residuos para o que este está obrigado a realizar o tratamento dos mesmos, ben directamente el, ou ben de xeito subsidiario, así como a entrega dos residuos a unha entidade pública ou privada de recollida de residuos incluídas nas entidades de economía social, para o seu tratamento.



Finalmente, a Constitución do Estado español contempla a caza como unha actividade allea ao deporte ao aparecer reflectida no apartado 11 do artigo 148.1, xunto coa pesca, (separado do Deporte que aparece no apartado 19). Do mesmo xeito, o deporte debe fomentar os valores e aprendizaxes como a inserción social, a solidariedade e a loita contra a violencia e intolerancia como aparece reflectido na Lei 10/1990, do 15 de outubro, do Deporte; valores e aprendizaxes cuestionables no caso da caza.

Por todo o exposto, e en base á lexislación estatal e autonómica vixentes, ANABAM solicitou a retirada cautelar dos permisos para a celebración da Copa de España de caza do raposo que tiña previsto realizarse en Galicia no mes de febreiro do citado ano ata que exista documentación científica que asegure o aproveitamento sostible do patrimonio natural conforme a Lei 42/2007. Esta asociación solicitou que a Comunidade Autónoma de Galicia requira ás entidades organizadoras dos campionatos de caza celebrados os días 12 e 26 de xaneiro en Galicia. Tamén do 2015, a xestión dos residuos conforme ao artigo 17 da Lei 22/2011 de Residuos e solos contaminados polo uso de munición potencialmente perigosa para a saúde das persoas como para o medio ambiente por aparecer a munición de chumbo no Real Decreto 9/2005, do 14 de xaneiro. Do mesmo xeito, solicitou a aposta en marcha das accións legais correspondentes contra a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda polas supostas irregularidades na concesión de autorizacións para realización dos campionatos de caza en Galicia conforme a lexislación vixente.

EXTINGUIDA A POBOACIÓN DE Eurynebrias NA PRAIA DE CAMPOSANCOS



Agustín Ferreira Lorenzo

Textos e fotos: Agustín Ferreira Lorenzo

Eurynebria complanata é un insecto nocturno da orde Coleoptera que habita exclusivamente nas praias marítimas, entre a liña de preamar e a duna primaria, aquela que comeza a ser colonizada pola vexetación dunar. Durante o día aproveita os materiais deixados pola marea (troncos, plásticos, etc) para se acubillar, fuxindo, neste xeito, da luz solar. O anoitecer saírá para dar caza ás súas presas, fundamentalmente pulgas de mar (*Talitros saltator*). É un animal gregario, atopándose por veces nun mesmo acubillo, varias ducias de individuos. Ata finais do século pasado era certamente abondoso nas praias marítimas dun e doutro lado da desembocadura do Miño. No que respecta á bisbarra do Baixo Miño galego, estaba presente únicamente na praia de Camposancos. No outro lado do Miño, en cambio, podíamos velo ao longo dunha franxa de 15 quilómetros, dende a praia da Foz (Caminha) ata Paçô (Carreço). A súa actividade desenvolvíase dende finais do verán ata principios desa estación, ou sexa, nove meses no que estaba plenamente activo: saía do seu período de estivación (setembro) para dar inicio aos apareamentos. Entre finais de inverno e primeira metade da primavera podíamos ver xa as larvas, para, finalmente, entre a segunda metade da primavera e inicios do verán (xuño), os exemplares xuvenís, dunha cor moito máis clara. Descanso no verán ata o final desta estación, para volver a estar activos os individuos adultos que continuarían cun novo ciclo. Mais este insecto, a quen persoalmente lle collín un cariño extremo, ocupaba un espazo dominado polo ser humano durante tres ou catro meses ao ano: o verán, ademais dun par de semanas no mes de marzo ou abril (Semana Santa). E esta ocupación foi letal para o escaravello, non pola ocupación en si, senón pola actuación desenvolvida pola administración pública para deixar como unha "patena" a praia.

Maquinaria para peneirar a area eliminaban da superficie todo canto había: troncos (baixo os cales se ocultaban polo día tanto os individuos adultos como as larva); vexetación incipiente na primeira liña de praia que lles servía para resguardarse momentaneamente de posibles perigos e.... os propios escaravellos. Ademais, ao remover a area, eran destruídas as postas ao quedar soterradas demasiado ou, pola contra, expostas directamente ao sol, ao calor abrasador. O resultado foi, que no mes de maio do ano 2009, observamos o último exemplar deste marabilloso escaravello da praia. Tiñamos esperanzas de que individuos procedentes do outro lado do Miño, onde a poboación de *Eurynebria* estaba en mellor estado, sobre todo pola amplitude dos areais, puidesen chegar, co paso do tempo, á praia de Camposancos sobre troncos que o mar arrastrase dunha beira a outra. Pero alí, o uso de maquinaria comezou ser cada vez más intenso e, como non podía ser doutro xeito, os escaravellos portugueses seguiron no mesmo camiño que os da marxe dereita da desembocadura do Miño. A partir do 2010, era cada vez más complicado observar exemplares. No 2018, unicamente observamos un exemplar no norte da praia de Afife, a uns quince quilómetros de Caminha. Non 2019, non vimos ningún.

A primeira observación que tivemos destes escaravellos foi a principios da década dos noventa do século pasado, cando estabamos recollendo información de campo para o “*Atlas de vertebrados terrestres do Baixo Miño*”. Pero, naquela, a entomoloxía aínda non entraba de cheo nos nosos plans, cousa que comezaría aproximadamente a mediados da citada década. No 2002, puxemos en marcha un plan de estudio e seguimento do escaravello da praia, plan que bautizamos co nome de “**Proxecto Eurynebria**” que ía constar de tres fases: a primeira (2002-2005) na que tomariamos datos xerais. A segunda (2005-2008) máis pormenorizada, fixándonos nos desprazamentos, número de exemplares, etc e a terceira (2009-2012), estaría enfocada na reproducción e larvas. Por desgraza, esta última fase non se pudo realizar por desaparecer o escaravello da praia de Camposancos. A todo isto, no ano 2008, solicitabamos á Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia a súa inclusión no Catálogo galego de especies Ameazadas.

Case que un ano despois desa solicitude, recibiamos resposta: era denegada a inclusión dessa especie no citado catálogo por non considerala especie ameazada.



Agustín Ferreira Lorenzo

Os troncos que o mar arrebolaba na Praia, constituían un refuxo magnífico para os escaravellos. Mais antes do período estival, eran retirados para non dar “aspecto de sucidade” do areal.

HISTORIA DUN ÁGUIA PEIXEIRA

Texto : Manu Sobrino Senra
“El Naturalista Cojo”

Gústame outorgarlle á aguia peixeira o rimbombante epíteto de “a raíña da marisma”. Apelativo que tenta chamar a atención sobre unha das rapaces más fermosas e escasas da Península Ibérica. Pero non ten nada de caprichosa esta nobre distinción. Basta con vela, apenas uns segundos, para comprender a dimensión dunha especie que non ten nada que envexar, por exemplo, á aguia real ou á aguia imperial. Porque, o que nestas últimas, más coñecidas, é forza e vigor, no aguia peixeira é elegancia, é beleza. é, atreveríame dicir, infinita coquetería.

Calidades más que suficientes para infundir respecto entre a variada comunidade de aves coas que comparte fogar. Ardeidos, limícolas, anátidos... Todas temen a aparición no ceo da súa ampla silueta, do contrastado branco e negro nas plumas das súas partes inferiores. Poucos espectáculos más rechamantes nas rías e desembocaduras dos ríos galegos que a gran estampida que provoca a raíña cando patrulla o seu feu-



Manu Sobrino Senra

do. Espectáculo que tiven a fortuna de observar en moitas ocasións no estuario do Miño.

Sempre chamoume a atención a esaxerada reacción de mazaricos, píllaras, pilros, patos e garzas ante o paso da aguia peixeira, xa que, como o seu propio nome indica, a súa dieta baséase exclusivamente no consumo de peixes. Só de forma ocasional, case anecdótica, púidose documentar o ataque sobre aves de pequena talla e algúns réptiles. Ninguén sabe por que razón, cando a súa sombra proxéctase no verde e o azul, sempre hai alguén que fai soar o preceptivo sinal de alarma —normalmente un reclamo agudo e potente— que non é outra cousa que unha invitación para marcharse, a alzar o voo inmediatamente.

Pero non é obxectivo deste artigo ofrecer unha descripción, máis ou menos detallada, das pautas alimenticias da aguia peixeira. Hai multitud de bibliografía que podemos consultar, ou mellor áinda, sempre podemos saír ao campo e gozar a escasos minutos de casa dun das maiores iconas da nosa natureza, e deses vertixinosos picados que realiza para capturar ás súas hábiles presas. Canta xente pagaría por tela así de preto!

Nesta ocasión, gustaríame aproveitar estas liñas para falarvos das súas viaxes migratorias; dos seus desprazamentos entre as zonas de reproducción, nos países do centro e norte de Europa, e as súas áreas de invernada, en España e África subsahariana. En concreto, quero falarvos de 9 XR, exemplar que parece atopar no estuario do Miño o lugar axeitado e a tranquilidade suficiente para pasar connosco os meses fríos.

As primeiras noticias da súa presenza remóntanse alá polo ano 2015, cando o naturalista vigués Alex Asorey pudo obter unha serie de fotografías o suficientemente nítidas como para que nelas puidese lerse o código da argola que portaba na súa pata esquerda. Imaxes que ían a permitirnos identificar o animal e mergullar na súa historia vital. Facemos neste punto unha paréntese e damos un salto de catro anos, lapso de tempo durante o cal ninguén volverá a ver á nosa protagonista...

A mañá do 29 de agosto de 2019 amencia desaprácible, fría. Un mar de bruma fluía lentamente sobre o río. O disco solar aparecía e desaparecía, esvaecido polo veo húmido da brétema. Seguramente non eran as mellores condicións para saír en piragua, pero iso era exactamente o que íamos facer o meu amigo César, compaño de aventuras, e eu mesmo. A expectativa de poder sorprender á lontra correteando sobre os bancos de area, ben merecía a pena, o sacrificio. Aquela xornada non entraba nos nosos plans de observar á raíña da marisma.

Non tardamos, con todo, en localizar un exemplar pousado na alto dunha árbore seca. Estaba realmente lonxe, e neses primeiros momentos todos os nosos esforzos estaban enfocados —nunca mellor dito, porque non deixabamos de escrudriñar cos prismáticos— en captar as incursións de lontras e raposos, que nos días previos deixaran impresas as súas pegadas sobre o terreo.

Pasaban os minutos, e a baixamar ameazaba con deixar encalladas as nosas piraguas, circunstancia que faría moi difícil transportalas despois a zonas más profun-

das. Finalmente, decidimos abandonar as nosas pretensións e puxemos punto e final á espera.

Eran as 10:30 h. Aínda fumarento, o río semellaba unha enorme caldeira. A calor levantaba grandes cortinas de vapor de auga que finalmente terminarían por disiparse. Tímidos raios de sol quentaban o corpo da aguia, que empezaba a mostrarse cada vez más activa. Preguiçeramente, arranxaba as plumas, allea ás nosas preocupacións.

Entón, ocorréusenos poñer en marcha unha enxeñosa manobra de achegamento. Aproveitando a retirada da marea, deixariámonos arrastrar docemente pola corrente para aproximarnos todo o posible, todo o que ela quixese. En absoluto silencio e coas nosas cámaras a punto, recortabamos aos poucos a distancia que nos separaba da rapaz. Corenta, trinta, vinte metros... Criamos que non toleraría moito máis tempo aquela intromisión. Pero ao contrario do que sucede na maior parte das ocasións, non mostrou o máis mínimo interese por aquel estranxo obxecto que se lle aproximaba. Só no último segundo, cando praticamente estabamos xa ao pé mesmo da súa atalaia, tomou impulso, e cun forte bater de ás foise afastando con verdadeira parsimonia.

Despois, repasando as fotografías que puideramos realizar, a nosa sorpresa foi maiúscula ao comprobar que o animal en cuestión portaba unha argola escura no tarso da súa pata esquerda, e que, efectivamente, tratábase de "Black 9 XR" *. A nosa amiga regresara seguramente aqueles días do seu periplo desde o afastado norte.

Grazas aos datos recompilados polo ornitólogo Antonio Gutiérrez, sabemos que a nosa aguia foi marcada un 2 de xullo de 2014 na vila de Karwe (Brandenburgo) cando non era máis que un tenro pito no seu niño. A súa ficha dinos que xa no seu segundo inverno emprendeu rumbo sur, atravesando varios países, ata alcanzar a comarca do Baixo Miño, a 2.500 Km. Da súa Alemaña natal... Que pasou despois?

Porqué non hai rexistros posteriores? Ninguén o sabe con certeza, pero é moi probable que seguisse sempre o mesmo routeiro, guiado polos imperativos da súa especie, todos estes anos.



Luis Dorado Senra

*Nota do editor: O 26/XII/2014, o membro de ANABAM Luis Dorado Senra, fotografaba o exemplar que se menciona no artigo dende a marisma de Salcidos, sobrevoando os arredores do Forno do Duque.

A MAIOR CONCENTRACIÓN DE GANSO CABECINEGRO REGISTRADA NO ESTEIRO DO MIÑO

© Luis Dorado

Texto: Agustín Ferreira Lorenzo

Dende que existen rexistros de aves acuáticas do Esteiro do Miño, non se tiña coñecemento dunha poboación invernante tan numerosa como a do ano 2015. O día de Reis dese ano, recibiamos o agasallo de reis. Para ornitólogos, naturalistas e amantes da natureza, 16 gansos cabecinegros (*Branta bernicla*) facían as delicias dos observadores. Distribuídos en dous grupos, un de 10 exemplares que adoitaban ocupar o tramo comprendido entre a praia do Muíño e o Puntal (praia de Camposancos) e outro de 6 exemplares na zona dos observatorios ornitolóxicos. Este elevado número de gansos cabecinegros, deuse tamén noutrous puntos de Galicia como en San Simón, onde foron avistados 55 ou na foz da Ramallosa, con 4 exemplares. Grazas a esta inusual presenza, foron moitos os afeccionados á natureza que se achegaron ata o Esteiro do Miño, armados con os correspondentes binoculares e, como non. As cámaras fotográficas para inmortalizar tal acontecemento.



Luis Dorado Senra

LISTA VERMELLA DE ESPECIES AMEAZADAS

Texto: Agustín Ferreira Lorenzo

A LISTA VERMELLA de especies ameazadas do Baixo Miño galego-portugués está elaborada por ANABAM a partir das observacións de campo e datos dos que dispoñemos a partir das observacións realizadas polo GRUPO DE TRABALLO desta asociación. O feito de que unha especie estea incluída neste listado significa a súa inclusión no plan PROCREA (Protección, conservación e recuperación de especies ameazadas) ou o que é o mesmo, dedicarlle unha atención especial por parte desta asociación. Iso implica tratar de desenvolver medidas específicas e, dentro das posibilidades desta asociación, eficaces, tendentes a reverter o estado no que se atopan co obxecto de sacalar da situación de ameaza e levalas a unha situación de normalidade, de tal xeito que estean fóra de perigo. Este plan, que ata o 2019 levaba o nome de PES (Plan de Especial Seguimiento) é o mesmo co que recuperamos xa algunha especie e no que, dende hai anos, tratamos de protexer outras. Estas medidas pasan por desenvolver plans reais tales como ampliar a súa área de distribución actual recuperando antigas zonas de presenza ou tratando de que ocupen novas áreas (*Honckenya peploides*, *Glaucium flavum*), programas de protección (caso da píllara das dunas), conversas coas administracións, campañas, divulgación, etc. Neste senso, unha das especies que hoxe xa está fora do plan, e polo tanto

non ameazada, é *Otanthus maritimus*, presente na praia de Campsancos onde conseguimos que a poboación da mesma, desaparecida a raíz dunha negligente actuación no ano 2001, multiplicara por máis de trinta veces o número de exemplares que había ata o citado ano. Na actualidade estamos a traballar fortemente coa píllara das dunas, dedicando un grande esforzo económico e de persoal á mesma e, aínda que en menor proporción, non esquecemos as demais especies.



Agustín Ferreira Lorenzo

LISTADO ESPECIES AMEAZADAS			DATA: XUÑO 2019
	ESPECIE	STATUS	LUGAR
FAUNA	<i>Eurynebria complanata</i> Escaravello da praia	Ext..... P. C....	Praia de Campos. (A Guarda) Praias do N portugués
	<i>Charadrius alexandrinus</i> Píllara das dunas	Am... Am...	Praia de Camposancos Praias do N portugués
	<i>Delichón urbica</i> Andoriña do cu branco	Am...	Baixo Miño galego-portugués
	<i>Riparia riparia</i> Andoriña das barreiras	Am...	Baixo Miño galego-portugués
FLORA	<i>Corema album</i> Camariña	Vuln...	Mata do Camarido (Caminha)
	<i>Romulea ramiflora</i> Aberiota	Vuln... Vuln...	Piñeiral da praia de Campos. Piñeiral do Camarido
	<i>Romulea columnae</i> Aberiota	Vuln... Vuln...	Piñeiral da praia de Camposancos Piñeiral do Camarido
	<i>Nymphoides peltata</i>	P. C. Am...	Caldelas de Tui Beira portug. fronte a Caldelas
	<i>Paradisea lusitanica</i>	P. C.	Torroña (Oia)
	<i>Honckenia peploides</i>	P. C. Vuln.	Mougás (Oia) Praias norte portugués
	<i>Woodwordia radicans</i>	P. C.	Regato Lavandeira . Oia
	<i>Lavandula pedunculata</i> Cantroxo	P. C.	Eiras (O Rosal)
	<i>Neotinia maculata</i>	Vuln... Vuln...	Piñeiral da praia de Campos. Piñeiral praia de Camarido
	<i>Orchis maculata</i>	P. C.	Humedal de Pinzás.Tomiño
	<i>Eriophorum angustifolium</i> Xunca de algodón	Am.	Humedal de Pinzás. Tomiño
	<i>Dicksonia antarctica</i> Fento arbóreo	P.C....	Regato Vilar. Oia.
	<i>Glaucium flavum</i> Papoula marina	Vuln.	Costa do Baixo Miño

Am: ameazada; Ext: extinta; P.C.: perigo crítico

Vuln: vulnerable

O ANELAMENTO CIENTIFICO DE AVES NO ESTUARIO DO MIÑO

Texto e fotos: José Arcas e Marta Robles
Grupo de Anelamiento G.E.M.A.

Que é o anelamento científico e para que serve.

O anelamento científico de aves é unha técnica utilizada orixinariamente para o estudo dos movementos migratorios de estas. A eficacia desta técnica de estudo baséase na que un individuo que fora capturado e marcado cun anel metálico, sexa recapturado posteriormente pola mesma persoa que o anelou (autorrecuperación o control) ou por outra diferente, na mesma localidade de marcase ou noutra diferente. Dos cambios ocorridos entre os datos tomados na marcase (primeira captura) e os das posteriores recapturas, obtense importante información; como distancias recorridas, tempo transcorrido entre capturas, velocidade relativa, de desprazamento e un longo etcétera. Esta modalidade de estudo da migración das aves é utilizada hoxe en día por moitos países en todos os continentes. Ademais, está recoñecida por todos os organismos conservacionistas relevantes do planeta como unha ferramenta fundamental para o estudo e a conservación das aves.

As aves captúranse utilizando para iso diferentes métodos de trameo, podemos afirmar mesmo, sen medo a esaxerar, que existen tantos métodos de trameo como especies. Con todo, o método máis utilizado polos aneladores desde sempre foron as redes xaponesas ou redes néboa. Estas redes basean a súa eficacia en que unha vez montadas son praticamente inapreciables desde certa distancia, non só polas aves, senón tamén por nós os humanos

A propia estrutura da rede, formada por varios panos con forma de bolsa, fai



Jose Arcas

Foto 1. Redes japonesas colocadas y listas para capturar aves.

que as aves queden atrapadas. Este método de captura está recoñecido a nivel mundial como inofensivo para as aves. Tras a captura das aves procédese á súa extracción das redes para proceder á marcaxe con argolas. O anelador, persoa acreditada para esta actividade, procede á colocación da argola nunha das patas do ave e toma posterior de datos.

Estas argolas son metálicas e independentemente do país no que se estea levando a cabo esta tarefa, sempre constan do nome da central de anelamento do país, a dirección ou remite desta central e un número exclusivo para o individuo que se está marcando. No caso de que se estea anillando en España, todas as argolas portan a mesma inscrición "Ministerio de Agricultura ICONA Madrid".

Unha vez colocada a argola procédese á toma de datos. O número de datos que se toman ás aves depende en gran medida do tipo de información que o anelador pretenda obter en análises posteriores. Como norma xeral sempre hai que evitar o reter ao ave máis tempo do necesario. A menos que se estea levando a cabo un estudo concreto, máis completo, con identificar a especie, asignarlle unha categoría de idade, determinar o sexo, pesala e pouco máis será suficiente. Unha vez anelada e anotadas todas as medidas biométricas procédese á liberación do ave.

O anelamento científico de aves silvestres no Estuario do Miño.

O anelamento de aves é unha actividade da que se pode sacar moito rendemento, xa non só como actividade científica, senón como unha tarefa cun gran contido divulgativo e educativo para dar a coñecer a súa relevancia aplicada á conservación das aves e os seus hábitats.

Foto 2. Avión Zapador, *Riparia riparia*, capturado en una red xaponesa.



Jose Arcas

Este artigo é meramente divulgativo, de modo que para ilustralo e para que o lector se faga unha idea das especies de aves que frecuentan o estuario do Miño, eliximos os resultados dunha campaña de anelamento de paseriformes levada a cabo polo noso grupo de anelamento G.E.M.A., desde xuño ata outubro de 2002 no carrizal de Salcidos. O motivo para esta elección é ben sinxelo, corresponde a unha época na que os anelamentos realizábanse de forma regular e estandarizada, feito que non se fai na actualidade. Hoxe en día, probablemente nin as especies nin as súas abundancias sexan as mesmas que as de 2002, principalmente debido a cambios no uso humano do hábitat, que pasou de ser principalmente agrícola a lúdico. Tamén queremos que a información recollida nestes datos poida ser utilizada para estudos posteriores sobre cambios nas comunidades de aves deste humedal e así poder aplicar as medidas correctoras necesarias para o seu mantemento e conservación.

¿Qué aves utilizan el carrizal de Salcidos durante la migración otoñal?

A especie máis abundante, nese período foi a **folosa das canaveiras** (*Acrocephalus scirpaceus*) con pouco más do 41% dun total de 521 aves capturadas. Esta especie é reprodutora neste carrizal e ao final de verán xúntanse os adultos reproductores cos seus xuvenís cos que proceden do norte, co cal chega a ser unha especie verdadeiramente abundante.

Á folosa das canaveiras séguelle en abundancia de capturas o **picafolios musical** (*Phylloscopus trochilus*), un pequeno paseriforme que procede de latitudes más ao norte e que pasa polo estuario no seu camiño cara a África. Representan un 19,8% do total de aves capturadas ese ano.

Outra especie de carricero ocupa o terceiro posto na clasificación de paseriformes

máis abundantes no carrizal de Salcidos en outono, a **fulepa das xunqueiras**, (*Acrocephalus schoenobaenus*).

Esta fulepa non é reprodutora no estuario do Miño pero utilízao como zona de ali-



Jose Arcas

Foto 3. Medida da á nunha **folosa das canaveiras**.

mentación no seu longo camiño cara ao África transahariana. Un 16,9% das aves que caeron nas nosas redes foron desta especie.

Outra especie que podemos considerar abundante no carrizal de Salcidos durante o paso migratorio outonal é o **papoazul** (*Luscinia svecica*). Os papoazuis que pasan por Salcidos proceden, tendo en conta as aves recapturadas por nós e outros aneladores, da vertente atlántica de Europa, especialmente de Francia. Un 8,6% das aves capturadas correspondían a esta especie. Hai un caso dun exemplar anelado en Francia que percorreu a friorenta de 763 quilómetros en menos dunha semana.

O 13,7% restante repártese entre especies como a **folosa acuática** (*Acrocephalus paludicola*), o **Reiseñor da auga** (*Cettia cetti*), a **escribenta das canaveiras** (*Emberiza schoeniclus*), a **folosa grande** (*Acrocephalus arundinaceus*), a **folosa manchada** (*Locustella naevia*), a **folosa unicolor** (*Locustella luscinioides*), e o **chasco común** (*Saxicola torquatus*) entre outros.

Analizamos 46 datos de aves (non só de passeriformes) recuperadas no estuario do Miño no período comprendido entre 1911 e 2007 e a repartición por países é como segue: 33% proceden do Reino Unido, o 22% de Portugal e o 13% de Francia. O resto repártese entre aves procedentes de Holanda, Finlandia, Suecia e Alemaña.

As recuperacións de aves aneladas no estuario do Miño e recuperadas fóra, a maioría (46%) corresponden a aves recuperadas en España. O caso más rechamante é o da **Andoriña Común** (*Hirundo rustica*), anelada na Guarda e recuperada case 7 meses

máis tarde en Málaga. Outros países próximos como Portugal, Francia e Reino Unido, son os que con maior frecuencia acollen ás aves que anelamos no estuario do Miño.

En conclusión, o anelamento científico é unha ferramenta fundamental e de gran utilidade, non só para coñecer as revi-



Jose Arcas

Foto 4. Folosa acuática.



Foto 5. O anelamento científico é unha boa ferramenta de concienciación.

ravoltas da bioloxía das especies obxecto de estudo, senón como recurso educativo e divulgativo entre a poboación para resaltar os valores naturais e culturais dos espazos protexidos como neste caso o **Carrizal de Salcidos**, no estuario do Miño.



Foto 6. Papoazul capturado para anelamento.

O litoral como obxecto de estudo: sedimentoloxía e biodiversidade

Hermida J.J.

jhermida@edu.xunta.es

RESUMO

O traballo científico non só consiste na aplicación do método científico se non que tamén require un importante labor de comunicación que require o manexo adecuado de datos e dispoñer de habilidades comunicativas que fagan posible a comprensión da ciencia por calquera tipo de público.

Alumnado de 4 ESO realizaron un traballo científico de investigación sobre o litoral de A Guarda co obxectivo de caracterizar o ecosistema costeiro baseado nun estudo sedimentolóxico, levantamento dun perfil topográfico, estudo das variacións nas condicións de pH e salinidade no perfil de praia, e a súa relación coa distribución da biodiversidade vexetal.

Estudouse a granulometría e contido en carbonatos bioxénicos de seis praias do litoral español na desembocadura do río Miño, levantouse un perfil topográfico da praia da Lamiña no mes de decembro , medíronse as variacións de pH e salinidade e identifícaronse e cuantificáronse as especies vexetais ó longo do transecto.



Figura 1. Localización xeográfica das mostras estudiadas.

Existe unha graoselección dos sedimentos en función da distancia á desembocadura do río Miño. O mar e o vento son os axentes xeolóxicos externos responsables da distribución dos sedimentos no intermareal. O contido en carbonatos bioxénicos é maior canto máis próximas ó mar están as mostras. Os valores de pH e salinidade diminúen na praia canto máis lonxe do mar. A biodiversidade vexetal das especies dunares é moderada ($H=2,23$). Poden establecerse 3 grupos de especies vexetais en función da súa distribución ó

longo do transecto estudiado. Un primeiro grupo de especies que ocupan espazos próximos ó mar, un segundo grupo que se distribúe homoxeneamente ó longo do transecto e un terceiro grupo de especies que ocupa espazos afastados do mar.

Os traballos realizados foron presentados polo alumnado nas Primeiras Xornadas de Medio Ambiente diante dun público variado: compañeiros de clase, investigadores profesionais e público asistente. Da experiencia obtida concluímos que é necesaria a adquisición por parte do alumnado de competencias comunicativas axeitadas para comunicar ciencia.

1.- Estudo e caracterización de sedimentos costeiros.

INTRODUCCIÓN

A desembocadura do Río Miño presenta unha anchura 3 km (Punta dos Picos-Punta Modelo); o esteiro do Río Miño, protexido polo illote Forte da Ínsua, presenta unha entrada norte e unha entrada sur; a influencia das mareas chega a 40 km terra adentro (4).

O clima é templado e cálido e clasifícase como Csb (mediterráneo de veráns frescos) polo sistema Köppen-Geiger. A temperatura media anual é de 14.5 °C e a precipitación media é de 1300 mm ó ano. As características litoestratigráficas das rochas e a súa evolución controlan a distribución e o desenvolvemento do relevo.

Na Guarda/Tomiño distínguese un dominio xeológico: o Basamento Varisco, constituído por rochas metamórficas e rochas plutónicas. Estas rochas foron afectadas por dous eventos tectónicos, a apertura do Océano Atlántico entre o Xurásico e o Cretácico inferior e a Oroxénese Alpina durante o Terciario. Poden así distinguirse granitos, esquistos, granodioritas e cuarcitas.

Os depósitos dunares na praias da desembocadura do río Miño están constituidos maioritariamente por areas de grao fino/medio con cantidades menores de limos, arxilas e materia orgánica. A granulometría destes depósitos sedimentarios estará determinada polo tipo de medio de transporte que actúe sobre eles, neste caso a corrente fluvial e a ondaxe e por outro lado o vento actuante nesta zona.

As areas están principalmente compostas por cuarzo, áinda que tamén teñen outros compoñentes como feldespatos, mica, fragmentos líticos e minerais pesados, e unha fracción carbonatada (CaCO_3). Este CaCO_3 , procede dos restos das cunchas de bivalvos, equinodermos ou outros seres vivos, e en función da cantidade que atopemos nunha mostra de area, o ecosistema funcionará mellor ou pior. Se hai moita cantidade de CaCO_3 , o ecosistema desenvolverase mellor debido á gran cantidade de fauna presente e viceversa.

METODOLOXÍA

Toma de mostras


Neste estudo seleccionáronse seis praias ó longo de aproximadamente 8 km da marxe española da desembocadura do río Miño. As mostras de sedimentos recolléronse en Eiras, Codesal, Lamiña, Muíño, Puntal e Area Grande (fig. 1). As mostras foron recollidas na sección mesomareal das praias e mantivérонse na estufa ata que estiveron completamente secas.

Análise granulométrico

Realizouse unha tamizaxe por vía seca separando fraccións cunha columna de tamices que nos permitiu obter 13 fraccións: 63, 90, 125, 180, 250, 355, 500, 710, 1000, 1400, 2000, 2800 e 4000 µm. Podemos diferenciar así entre gravas (4000 – 2000 µm) e areas (2000 – 63 µm). Os datos foron analizados co programa *GRADISTAT* (3).

Contido en carbonatos bioxénicos

Para estimar o contido en CaCO₃ dos sedimentos, o método empregado basease na seguinte reacción química:



Para este método gasométrico empregouse o calcímetro de Bernard.

RESULTADOS

Estudo granulométrico

Os resultados obtidos amosan, en xeral, que todas as mostras analizadas están formadas por areas de tamaño medio a moi grosa. Como se pode observar na tira de gráficas inferiores, todas as mostras produciron distribucións unimodais e leptocúrticas. Apréciase un paulatino incremento no tamaño medio dos sedimentos dende a mostra más interior (Eiras) á mostra más exposta a mar aberto (Area Grande) coincidindo con resultados obtidos noutras traballo (2) (fig. 2)

Efecto da oleaxe na distribución de sedimentos no intermareal.

Na praia da Lamiña tomáronse tres mostras de area, unha na rexión máis baixa do intermareal, outra da rexión mesomareal e outra da zona superior do intermareal. Os sedimentos más finos acumúlanse na parte superior do intermareal (fig. 4). Este feito suxire unha acción combinada nos procesos de sedimentación e transporte da ondaxe e do vento. A ondaxe é un medio con más enerxía polo que é capaz de mobilizar partículas de maior tamaño, que son aquelas que se acumulan na parte baixa do intermareal. Polo contrario o vento acumula partículas de menor tamaño na parte su-

perior do intermareal.

Contido en carbonatos bioxénicos

Obsérvase un incremento paulatino no contido de carbonatos bioxénicos nas mostras canto más próximas están ó mar. Así a porcentaxe en carbonatos oscila entre 0,28% e 2,67% .

En canto á distribución de carbonatos no intermareal, obsérvase que na parte baixa do intermareal o contido en carbonatos é inferior (1,8%) ó contido en carbonatos na parte alta do intermareal (2,5%).

En xeral pode dicirse que altos contidos de carbonatos están asociados a árees de alta enerxía, principalmente nos casos en que estes son unicamente de orixe bioxénico (1,2).

CONCLUSIÓNS

- 1.- Os sedimentos das praias analizadas están formados por areas de tamaño medio a moi grosos.
- 2.- O tamaño medio dos sedimentos aumenta nas mostras canto más próximas están ó mar.
- 3.- No intermareal os sedimentos más finos acumúlanse na parte alta, o que indica unha acción combinada da ondaxe e do vento.
- 4.- O contido en carbonatos bioxénicos aumenta canto más próxima está a mostra ó mar.

BIBLIOGRAFÍA

- (1) Koldijk, W. S. 1968. Bottom sediments of the Ria de Arosa (Galicia, NW Spain). *Leid. Geol. Meded.* 37: 77-134.
- (2) Rodríguez, M., Nombela, M., Vilas, F e Rey, L. 1987. Estudio sedimentológico del litoral gallego: II. Relación entre a distribución granulométrica e o contido en carbonatos biogénicos de las playas de las rías de Pontevedra y Arosa. *Caderno de Laboratorio Geológico de Laxe*, 11:11-20.
- (3) Blott, S. 2000. GRADISTAT, version 4.0. A Grain Size Distribution and Statistics Package for the Análisis of Unconsolidated Sediments by Sieving or Laser Granulometer.
- (4) Rodríguez, G. Mapas geomorfológico y de procesos activos. A Guarda/Tomiño. Instituto Geológico y Minero de España. Madrid. 2008.

Agradecementos: Dr. Miguel Ángel Nombela Castaño, Dpto. Geociencias Marinas y Ordenación del Territorio, Facultade de ciencias do Mar, Universidade de Vigo, por poñer á nosa disposición o seu laboratorio, o seu tempo e a súa dedicación.

CONVOCATORIA DE EMPREGO

Proxecto borrelhho

Convócase unha praza para persoas recentemente graduadas en Bioloxía, Ciencias Ambientais ou Ciencias do Mar ao abeiro do Proxecto Píllara-Borrelho 2020 (seguimento da poboación e protección de niños de Píllara das dunas Charadrius alexandrinus Linnaeus, 1758) no Baixo Miño galego-portugués. O contrato pretende proporcionar unha primeira experiencia/oportunidade laboral para persoas recentemente graduadas. O contrato será a tempo parcial por 25 horas á semana por dous meses prorrogable por un mes máis.

Perfil

- Grao en Bioloxía, Ciencias Ambientais ou Ciencias do Mar obtido entre os cursos académicos 2014-2015 e 2018-2019, ambos incluídos.
- Capacidade de traballo individual e en equipo.
- Capacidade de auto-organización.
- Capacidade de transmitir coñecementos oralmente.
- Persoa proactiva e responsable.

Condicóns

- Contrato de 2 meses (do 15 de abril ao 15 de xuño*) prorrogable 1 mes máis (ata o 15 de xullo).
- Xornada parcial (62,5 % xornada completa).

Salario de 750€ mensuais + suplemento por desprazamento.

- Flexibilidade horaria (a negociar co persoal seleccionado en base aos requisimentos do proxecto).
- Dispoñibilidade para realizar seminarios, obradoiros de voluntariado e charlas de educación ambiental coa ciudadanía.
- Posibilidade de variación da xornada en función da carga de traballo.
- Indispensable vehículo propio.

A persoa que se incorpore ao proxecto recibirá unha formación inicial entre o 1 e o 15 de abril* que incluirá os seguintes aspectos: coñecemento da área de traballo, identificación da especie, localización e seguimento de postas, divulgación e educación ambiental así como xerar outros materiais divulgativos.

A área de traballo será principalmente o norte de Portugal, municipios de Caminha e Viana do Castelo. Ademais das tarefas propias do proxecto a persoa seleccionada poderá ser eventualmente requerida para outras necesidades da asociación dentro do horario de traballo. A persoa contratada responsabilizarse da redacción de informes semanais e informe final do proxecto.

A solicitude dirixirse por correo electrónico ata o día 27 de marzo de 2020 ás 23:59 h a voluntariado.anabam@gmail.com acompañada do CV. O CV virá acompañado dos documentos xustificativos dos méritos alegados.

ANABAM CREA O GRUPO ANTIHERBICIDAS BAIXO MIÑO (I)

Texto e fotos : Agustín Ferreira Lorenzo

12 de xuño 2019, 11 da mañá. O teléfono soa. Collémolo. No outro lado do fío unha persoa da Guarda (Jorge) infórmanos de que se está a fumigar con herbicida as estradas da localidade. Desprazámonos para tratar de localizar a furgoneta. Atopámola en Sanxián (O Rosal). Vemos á policía local da Guarda falar cos operarios á vez que lles pide a documentación. Pero non tardan en poñerse en marcha á vez que e continúan fumigando. Adiantamos a furgoneta e nos detemos na entrada de Oia. O autor deste artigo colócase no beira dereita da estrada en dirección Oia. A furgoneta non pode continuar fumigando e detense. O condutor, un dos dous operarios encargados de realizar a tarefa, pídenos que nos retiremos, pero negámonos facelo. Así estamos unha media hora, nun tira e afrouxa. Chaman a Garda Civil. Un membro de ANABAM (Aser) que está presente no outro lado da estrada, divulga, a través das redes sociais, o que está a acontecer. Non tardan en presentarse un rapaz, creo que de Fusalho, e unha concelleira do PSOE de Oia. Pouco despois tamén se achega outro membro do PSOE. A concelleira do PSOE chama a alcaldesa (PP) de Oia para cumpra co seu deber xa que, por acordo plenario, acordouse como libre de glifosato o citado concello. A resposta da alcaldesa foi que ela estaba a cumplir a súa función: no despacho.



Aser Ferreira Rodríguez



Parte dos membros do **GRUPO ANTIHERBICIDAS DO BAIXO MIÑO**, trala constitución do mesmo.

Así a cousa, alí estivemos ata as dúas da tarde, que chegou a garda civil, onde nos identificamos e... acabou todo. Pola tarde, a fumigación levouse a cabo en Tomiño. E claro, un concello que tamén se declarou libre de glifosato, vemos como a súa alcaldesa (neste caso do BNG) non se molestou en acudir para impedir a fumigación. De novo un membro de ANABAM (Aser Ferreira) xunto con outra persoa de Goián (Andrea Pousa) trataron de paralizar a fumigación, pero eran dúas furgonetas fumigando e pouco se pudo facer. Temos que salientar que únicamente o alcalde da GUARDA (PSOE) tratou de evitar a fumigación no concello do que é rexedor mandando á policía local para non permitir que se botara glifosato nas estradas do municipio.

En ANABAM sempre estivemos en contra do uso de substancias químicas para a erradicación das herbas e apostamos polo uso de elementos mecánicos, más respetuosos co entorno e porque contribúen á creación de postos de traballo. Polo tanto nesta asociación, non cuestionamos só o uso do GLIFOSATO, senón de calquera herbicida utilizado pola administración pública nos espazos públicos.

Continuará...

NOVO MOLUSCO PARA O BAIXO MIÑO


Siphonaria pectinata

Texto e fotos : Agustín Ferreira Lorenzo



Emilio Rolán Mosquera, na súa obra *Moluscos de la Ría de Vigo. Gasterópodos I.*, sinalaba que este molusco se encontraba dende A Guarda ata Baiona, entre os anos 1967 a 1972, onde atoparan uns 50 exemplares, pero en anos posteriores xa non observaran ningún. Noutro dos seus libros, *Guía ecológica das cunchas e moluscos de Galicia*, Emilio sinala que esta especie é ocasional pois "...as augas frías non son o lugar axeitado para esta especie do Mediterráneo e da África tropical e subtropical". Persoalmente descoñecía a existencia deste molusco. Nun traballo de campo que estaba a realizar (24/III/2019) atopeime con ela cando recollía datos dos moluscos presentes nunha das pozas mariñas situada preto da depuradora da Guarda. Inicialmente confundina coas lapas, pero pronto me chamou a atención as diferenzas externas observadas con respecto as mesmas. Así que enviei unhas fotografías ao grupo de Facebook "Malacología ibérica", e pronto chegou a identificación da especie.

A partir dese momento, realicei varias prospeccións pola costa sur da Guarda en diferentes momentos, observando, durante a marea baixa, as pozas mariñas. Puiden comprobar que entre a desembocadura do Miño e a praia da Area Grande existen numerosas charcas mariñas con



presenza de *Siphonaria*, certamente, non de xeito masivo, pero algunas contendo un bo número de exemplares onde se mesturaban exemplares adultos con outros máis novos. Lévanos isto a pensar que esta especie se reproduce xa na costa baixomiñota, polo que non concordamos, neste punto, con Emilio, pois para el sería unha colonización que se produciría cando as larvas, procedentes de augas máis quentes, desen chegado aquí.

Tódalas charcas que contiñan individuos desta especie atópanse no límite superior da marea, sempre con auga permanente. Isto quere dicir que estas charcas permanecen pouco tempo cubertas polo mar, pois están no último tramo que queda cuberto e no primeiro que vai quedar descuberto. Concorda, deste xeito, que a temperatura que van ter sempre será máis alta que as charcas situadas más abaixo (ou sexa, as que permanecen máis tempo cubertas polo mar), co cal tamén concorda co sinalado por Emilio Rolán, precisan dunha temperatura “elevada”, de aí que estean case bordeando a franxa supralitoral.



Exemplares cativos
xunto a outros máis
grandes.

QUERES COLABORAR?

PROXECTO ANDORIÑA



Que pasa coas andoriñas do Baixo Miño? As observacións destas aves levadas a cabo por ANABAM dende hai anos, amosan un notable descenso nalgúnha das especies como é no caso da andoriña de cu branco (*Delichon urbicum*), pero en cambio, tamén observamos a chegada doutra nova para a bisbarra: a andoriña dáurica (*Cecropis daurica*). Para tratar de coñecer a situación actual, dende esta asociación vimos realizando periódicas observacións e toma de datos das diferentes especies. Por iso, se ti queres colaborar neste proxecto, só tes que entrar na nosa páxina web e ver que tes que facer. Entre os colaboradores sortearemos a Guía das Aves de Galicia. Por certo, o proxecto desenvólvese nos seguintes municipios da bisbarra:

MARXE GALEGA: Tui, Tomiño, O Rosal, A Guarda e Oia.

MARXE PORTUGUESA: Valença, Vila Nova de Cerveira e Caminha.

The screenshot shows the ANABAM website's bird identification feature. It displays three cards side-by-side, each featuring a photograph of a swallow and its scientific name. The first card is for the 'ANDORRIÑA COMÚN (Hirundo rustica)', showing a bird perched on a branch. The second card is for the 'ANDORRIÑA DÁURICA (Cecropis daurica)', showing two birds perched on a pole. The third card is for the 'ANDORRIÑA DE CU BRANCO (Delichon urbicum)', showing a bird in flight against a blue sky. Below these cards are three additional photographs of swallows in flight, arranged in a row.

PROXECTO LARUS



Agustín Ferreira Lorenzo

Este é un proxecto aberto á colaboración de todas aquelas persoas que queiran botarnos unha man no estudo da nidificación de gaivotas no concello da Guarda, se ben, tamén recollaremos información procedente doutras municipios do Baixo Miño galego-portugués.

O *Proxecto Larus* iniciouse no ano 2010 e ten por obxecto coñecer, como sinalamos anteriormente, todo aquilo que teña que ver coa nidificación das gaivotas nesta zona. Ata os primeiros anos deste século, as gaivotas non aniñaban nesta bisbarra. O punto máis próximo a nós estaba nas Illas Cíes. Xa a mediados da

primeira década deste século, comezáronse ver os primeiros niños na Guarda e, a partir do 2008, o número de tellados con niños era importante. Diante disto propuxémonos ir tomando datos da nidificación na Guarda. Non foi un traballo sistemático e por menorizado. As nosas ocupacións e outros proxectos desenvolvidos no seno de ANABAM, non nos permitía dedicarnos como quixeramos, ao *Proxecto Larus*. Así que, durante estes dez anos, recollemos datos a medida que podíamos, unhas veces con máis dedicación e outras con menos. Imos ver, pois, se nesta tempada somos capaces de dedicar máis tempo e coñecer mellor a nidificación das gaivotas no municipio guardés. Para os que desexen colaborar ou saber máis do proxecto, teñen información na nosa páxina web.

Por certo, se participas neste proxecto entras no sorteo da seguinte publicación:



CENSOS

De setembro a xaneiro realizamos cada fin de mes un censo de aves acuáticas na desembocadura do Miño. Como está a acontecer nos últimos anos, o número de aves resultou escaso, moi lonxe dos datos que había entre os anos oitenta do século pasado e primeiros deste século. Son varias as especies que sufrieron unha alarmante diminución, entre outras a garza real, os mergos cristados, a cerceta real, os corvos mariños....



Estaba previsto, para o 26 de febreiro, que as brigadas da Deputación de Pontevedra procederan á tala das frondosas plantadas a carón da estrada 3101, ao seu paso pola Gampuzada (Cristelos-Tomiño). Diante desta ameaza, e trala petición que nos chegou por parte de veciños da zona, ANABAM espallou polas redes sociais o seu rexeitamento a tal feito. Os veciños tamén se mobilizaron e, mesmo, plantáronse na zona onde ían efectuarse ditas talas. A Deputación non tivo máis remedio que recuar e buscar como desculpa que todo foi debido a un erro.

VISITA ORNITOLÓXICA GUIADA

Con motivo do Día Internacional dos Humedais, 2 de febreiro, en ANABAM organizamos unha visita guiada á área ornitolóxica do Esteiro do Miño, percorrendo as dúas zonas principais de observación de aves: a marisma de Salcidos e a Armona. Ás persoas participantes foron agasalladas coa monografía: Guía para andar por el Estuario del Miño.



ALEGACIÓN ACCESO PRAIA DO MUIÑO


Por mor das obras que se van levar a cabo para o acceso á praia do Muíño (Camposancos-A Guarda) ANABAM enviou escrito ao Concello da Guarda, con data 11 de novembro pasado, dando conta da presenza de varias especies de plantas escasas (*Romulea ramiflora* e *R. columnae*) presentes na zona para que se teñan en conta as mesmas e evitar causar un dano irreversible. Ese mesmo escrito foi enviado á Deputación, se ben, só recibimos resposta do Concello indicándonos que daban traslado do mesmo á Deputación.



ACTIVIDADES PREVISTAS PARA OS VINDEIROS MESES

PROXECTO "Larus"

Traballo de campo que se leva a cabo na Guarda. Consiste na recollida de información da nidificación de gaivotas nesta localidade. É unha actividade na que poden participar as persoas que o desexen enviándonos datos dos niños que observen indicando o lugar onde se atopan. Máis información na páxina web.



PROXECCIÓN:

Con motivo do 35 aniversario de ANABAM está previsto proxeccar o filme galego "O QUE ARDE". Debido ao estado de alarma polo coronavirus, a proxección aprázase ata novo aviso.



PROXECTO "ANDORÍÑA"

Traballo de campo, neste caso para recoller información das andorñas presentes no Baixo Miño facendo especial seguimento dos niños de andorña de cu branco e da andorña dáurica, pero sen deixar de lado ao resto das andorñas. En ANABAM agradecemos o envío de datos relacionado con estas aves. Máis información na páxina web.

PROXECTO "Bembix"

Dende hai varios anos, en ANABAM vimos prestando especial atención a un grupo de avespas denominadas escavadoras. Estas avespas, que áinda que poden verse varias nunha mesma zona, son solitarias, construíndo os niños na terra e alimentando as súas larvas con presas que capturan e “adormecen”. Os principais lugares que utilizamos para o estudo das mesmas están no piñeiral da praia de Camposancos e no monte Terroso (A Guarda).



CAMPAÑA DE PROTECCIÓN DE NIÑOS DE PÍLLARA/BORRELHO E ANELAMENTO DE POLOS


Dende o mes de abril ata finais de xullo desenvolveremos a campaña 2020 coa que queremos botar unha man a unha das especies máis ameazadas do Baixo Miño. Esta actividade está aberta a voluntarios que desexen colaborar con nós para iso teñen que dirixirse a ANABAM a solicitando formar parte do voluntariado. Tedes más información na web da asociación.

VISITAS GUIADAS SALINAS DA GUARDA

Previstas para o vindeiro verán, estamos preparando dúas novas visitas guiadas ás salinas (romanas e prerromanas) da Guarda. Posiblemente teñan lugar a finais de xullo e agosto.



P U B L I C A C I Ó N S



MARCAS DOS MARIÑEIROS

Unha publicación etnográfica que nos achega ao coñecemento das antigas marcas utilizadas, fundamentalmente, ata finais da década dos setenta do século pasado polos mariñeiros da Guarda. Un documento que trata de facer que permaneza na memoria de tó dolos guardeses e estudosos da etnografía, un xeito de transmisión escrita moi particular. Esta é a segunda publicación desta temática publicada por ANABAM, a primeira foi no ano 1995. Algo máis de 140 páxinas a cor.



PIAS SALINEIRAS

Os antigos habitantes dos castros costeiros construíron cubetas nas pedras e laxes que se atopaban a pouca distancia do mar para, a imitación da natureza, obter o sal que precisaban para curtir o pel e conservar ou sazonar os alimentos. Unha obra que trata por primeira vez destes elementos, xorreferenciando os mesmos e expondo algúns possibles ideas relacionadas coa súa localización.



EFFECTO DO PICUDO NAS PALMEIRAS DA GUARDA

Informe sobre as consecuencias do picudo vermello (*Rhynchophorus ferrugineus*) nas palmeiras da Guarda. Estudo desenvolvido ao longo de 4 anos (2014-2018) no que se deixá constancia como as palmeiras guardesas se reduciron en case un 90% da totalidade.